

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA
CURSO: 3º ESO
MATERIA: MATEMÁTICAS ORIENTADAS AS ENSINANZAS
APLICADAS
DEPARTAMENTO: MATEMÁTICAS
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Identificación do estándar e Estándar de aprendizaxe (Segundo se recolle no Decreto 86/2015, do 25 de xuño)	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación			Competencias clave
		Proba escrita	Traballo individual	Observacións na clase	
MAPB2.1.7. Calcula o valor de expresións numéricas de números enteiros, decimais e fraccionarios mediante as operacións elementais e as potencias de números naturais e expoñente enteiro, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.	1.8%	X	X	X	CMCCT
MAPB2.1.2. Distingue, ao achar o decimal equivalente a unha fracción, entre decimais finitos e decimais infinitos periódicos, e indica, nese caso, o grupo de decimais que se repiten ou forman período.	1.8%	X	X	X	CMCCT
MAPB2.1.4. Distingue e emprega técnicas adecuadas para realizar aproximacións por defecto e por exceso dun número en problemas contextualizados, e xustifica os seus procedementos.	1.8%	X	X	X	CMCCT
MAPB2.1.5. Aplica axeitadamente técnicas de truncamento e redondeo en problemas contextualizados, recoñecendo os erros de aproximación en cada caso para determinar o procedemento máis axeitado.	1.8%	X	X	X	CMCCT
MAPB2.1.6. Expresa o resultado dun problema, utilizando a unidade de medida adecuada, en forma de número decimal, redondeándoo se é necesario coa marxe de erro ou precisión requiridas, de acordo coa natureza dos datos.	1.8%	X	X	X	CMCCT
MAPB2.1.8. Emprega números racionais e decimais para resolver problemas da vida cotiá, e analiza a coherencia da solución.	1.8%	X	X	X	CMCCT
MAPB2.1.1. Aplica as propiedades das potencias para simplificar fraccións cuxos numeradores e denominadores son produtos de potencias.	1.8%	X	X	X	CMCCT
MAPB2.1.3. Expresa certos números moi grandes e moi pequenos en notación científica, opera con eles, con e sen calculadora, e utilízalos en problemas contextualizados.	1.8%	X	X	X	CMCCT
MAPB2.1.6. Expresa o resultado dun problema, utilizando a unidade de medida adecuada, en forma de número decimal, redondeándoo se é necesario coa marxe de erro ou precisión requiridas, de acordo coa natureza dos datos.	1.8%	X	X	X	CMCCT
MAPB2.3.1. Suma, resta e multiplica polinomios, expresa o resultado en forma de polinomio ordenado e aplícao a exemplos da vida cotiá.	1.8%	X	X	X	CMCCT
MAPB2.3.2. Coñece e utiliza as identidades notables correspondentes ao cadrado dun binomio e unha suma por diferenza, e aplícaas nun contexto adecuado.	1.8%	X	X	X	CMCCT
MAPB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas	2.5%				CD CSC CSIEE
MAPB2.4.1. Resolve ecuacións de segundo grao completas e incompletas mediante procedementos alxébricos e gráficos.	1.8%	X	X	X	CMCCT
MAPB2.4.3. Formula alxébricamente unha situación da vida cotiá mediante ecuacións de primeiro e segundo grao, e sistemas lineais de dúas ecuacións con dúas incógnitas, resólveas e interpreta criticamente o resultado obtido.	1.8%	X	X	X	CMCCT
MAPB2.4.2. Resolve sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas mediante procedementos alxébricos ou gráficos.	1.8%	X	X	X	CMCCT
MAPB2.4.3. Formula alxébricamente unha situación da vida cotiá mediante ecuacións de primeiro e segundo grao, e sistemas lineais de dúas ecuacións con dúas incógnitas, resólveas e interpreta criticamente o resultado obtido.	1.8%	X	X	X	CMCCT
MAPB2.2.1. Calcula termos dunha sucesión numérica recorrente usando a lei de formación a partir de termos anteriores.	1.8%	X	X	X	CMCCT

3ª Avaliación Identificación do estándar e Estándar de aprendizaxe (Segundo se recolle no Decreto 86/2015, do 25 de xuño)	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación			Competencias clave
		Proba escrita	Traballo individual	Observacións na clase	
MAPB5.1.1. Distingue poboación e mostra, e xustifica as diferenzas en problemas contextualizados.	2.2%	x	x	x	CMCCT
MAPB5.1.2. Valora a representatividade dunha mostra a través do procedemento de selección, en casos sinxelos.	2.2%	x	x	x	CMCCT
MAPB5.1.3. Distingue entre variable cualitativa, cuantitativa discreta e cuantitativa continua, e pon exemplos.	2.2%	x	x	x	CMCCT
MAPB5.1.4. Elabora táboas de frecuencias, relaciona os tipos de frecuencias e obtén información da táboa elaborada.	2.2%	x	x	x	CMCCT
MAPB5.1.5. Constrúe, coa axuda de ferramentas tecnolóxicas, de ser necesario, gráficos estatísticos adecuados a distintas situacións relacionadas con variables asociadas a problemas sociais, económicos e da vida cotiá.	2.2%		x	x	CMCCT
MAPB5.1.6. Planifica o proceso para a elaboración dun estudo estatístico, de xeito individual ou en grupo.	2.2%		x	x	CMCCT
MAPB5.2.1. Calcula e interpreta as medidas de posición dunha variable estatística para proporcionar un resumo dos datos.	2.2%	x	x	x	CMCCT
MAPB5.2.2. Calcula os parámetros de dispersión dunha variable estatística (con calculadora e con folia de cálculo) para comparar a representatividade da media e describir os datos.	2.2%	x	x	x	CMCCT
MAPB5.3.1. Utiliza un vocabulario axeitado para describir, analizar e interpretar información estatística nos medios de comunicación e noutros ámbitos da vida cotiá.	2.2%	x	x	x	CCL CMCCT
MAPB5.3.2. Emprega a calculadora e medios tecnolóxicos para organizar os datos, xerar gráficos estatísticos e calcular parámetros de tendencia central e dispersión.	2.2%		x	x	CMCCT
MAPB5.3.3. Emprega medios tecnolóxicos para comunicar información resumida e relevante sobre unha variable estatística que analizase.	2.2%		x	x	CMCCT
MAPB2.2.2. Obtén unha lei de formación ou fórmula para o termo xeral dunha sucesión sinxela de números enteiros ou fraccionarios.	1.8%	x	x	x	CMCCT
MAPB2.2.3. Valora e identifica a presenza recorrente das sucesións na natureza e resolve problemas asociados a estas.	1.8%	x	x	x	CMCCT
MAPB1.0.1 Toma decisións nos procesos de resolucións de problemas de investigación ou modelización e valora as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sencillez e utilidade	2.5%				

1. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Realización de probas escritas e orais, resolución de exercicios na aula, traballos (1º e 2º trimestre). Traballos telemáticos de reforzo, ampliación e recuperación e probas telemáticas (3º trimestre).
	Instrumentos: Probas escritas, traballos e resolución de problemas e exercicios de forma telemática.
Cualificación final	Media aritmética da primeira e segunda avaliación máis dous puntos que se acadan a través das actividades de reforzo, recuperación e ampliación durante o terceiro trimestre A nota final do curso virá dada pola media aritmética do primeiro e segundo trimestre máis dous puntos que se poden acadar durante o terceiro trimestre, mediante a realización das tarefas de reforzo (1 punto) e as tarefas de recuperación ou ampliación (1 punto) enviadas de xeito telemático.
Proba extraordinaria de setembro	A proba extraordinaria de setembro contemplará a avaliación daqueles contidos relacionados cos estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación establecidos neste documento. No caso de non ser posible a realización de forma presencial desta recuperación buscaranse xeitos alternativos para a realización da proba que garanta a igualdade de oportunidades para todo o alumnado
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: - A avaliación realizarase de acordo cos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe especificados no curso que teñan pendente por superar.
	Criterios de cualificación: - Ata 2 puntos adicionais pola entrega correcta dos boletíns entregados de xeito telemático durante o terceiro trimestre (actividades de reforzo e actividades de recuperación), que se suman á nota obtida na primeira proba de avaliación realizada en febreiro. - No caso de que un alumno acade os dous puntos pero a media coa proba de febreiro non lle permita o aprobado, realizarase unha proba telemática nas últimas semanas de curso, de xeito que se garanta a posibilidade do mesmo de superar o curso pendente
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Proba escrita (realizada en febreiro) e boletíns de exercicios de recuperación.

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Estanse a repasar os contidos traballados, en forma de actividades de recuperación e reforzo para o alumnado que teña algunha avaliación suspensa, e reforzo e ampliación para os demais.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Todas as semanas cólgase na aula virtual do centro, un ficheiro coas instrucións das tarefas que debe realizar o alumnado segundo teñan que recuperar algunha avaliación, ou sexan de reforzo e/ou ampliación.</p> <p>Xunto con este ficheiro incorpórase un novo coas actividades a desenvolver. Pídeselle que as envíen a un correo electrónico disposto para este fin e corríxense; infórmase por correo ao alumnado desta corrección e súbese á aula virtual un modelo de solucións para que revisen e corrigan as actividades que resolveran de xeito incorrecto. Debido a isto último, non se terán en conta positivamente as actividades enviadas polo alumnado unha vez que se colguen as solucións na aula virtual.</p> <p>Xunto coas actividades de repaso se lle pide que repasen o libro de texto coas explicacións pertinentes, e en ocasións, se se considera necesario, se lle facilitan videotutoriais sobre os temas obxecto de repaso.</p> <p>As dúbidas resólvense por correo electrónico, sendo este o medio principal de comunicación, aparte da aula virtual e, se é o caso, para información ás familias, o TokApp.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Libro de texto - Videotutoriais - Ficheiros de actividades e instrucións - Aula virtual - Correo electrónico - TokApp

1. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.